



## Concello de Portomarín

### ANUNCIO

#### Acordos de ordenación do proceso selectivo convocatoria das probas de galego e de oposición

Constituída a Comisión Técnica de Valoración desinada para valorar as probas selectivas dos aspirantes á contratación laboral temporal para o desempeño da xefatura de brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais 2022, aprobáronse por unanimidade os seguintes

### ACORDOS

#### **1. Constitución da Comisión Técnica de Valoración (CTV)**

**PRIMEIRO.** Declarar a formal constitución da Comisión Técnica de Valoración, como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección anteriormente expresadas por concurso oposición, conforme ás bases da convocatoria, anunciada no BOP Lugo Núm.154, de 7 de xullo de 2022.

**SEGUNDO.** Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e como órgano colexiado administrativo, ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.** Os membros da Comisión Técnica deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando conorra algunha de devanditas circunstancias.

#### **2. Determinación do contido das probas e acordos para o seu desenvolvemento.**

Vistas as Bases da Convocatoria, en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

Aprobar as instrucións para a realización da proba da oposición descrita na Base oitava conforme ao seguinte teor literal “Realizárase unha proba tipo text que elaborará o tribunal segundo o temario que acompaña estas bases como ANEXO III”.

Advírtese un erro nas bases publicadas que repiten o anexo II, que se entende salvado, por canto se refire ao temario, que deberá ser o Anexo III, tal como expresa a base oitava.

#### *“INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO EXAME”*

*A proba consiste na contestación dun cuestionario de 12 preguntas tipo test, baseadas no temario publicado como anexo da convocatoria.*

*Cada pregunta ten tres respostas alternativas, das que soamente unha é correcta.*





## Concello de Portomarín

---

*Inclúense 3 preguntas de reserva que deberá responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas so serán computadas, na estrita orde na que aparecen formuladas, no caso de que algunha das da parte principal sexa anulada, de oficio ou con base nalgũa reclamación, por observarse erros no enunciado ou nas opcións das respostas dadas, duplicacións ou outras circunstancias similares.*

*A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 6 puntos, correspondendo 0,50 puntos a cada pregunta correctamente contestada.*

*Por canto nada establecen as bases, a proba non ten carácter eliminatorio, se ben se considera obligatoria a súa realización, de forma que as persoas aspirantes que non se presenten quedarán excluídas do proceso selectivo.*

*Para a realización da proba dispórase dun tempo máximo de 20 minutos.*

*As persoas aspirantes que deben realizar a proba de galego, serán convocadas inmediatamente antes da proba de oposición, procedéndose á calificación conforme ás bases. A non superación da proba non ten carácter eliminatorio, conforme ao establecido nas bases, se ben a non presentación a realizar a mesma supoñerá a exclusión do proceso selectivo.*

*Para a realización da proba de galego dispóñase dun tempo máximo de 15 minutos.*

### **3. Convocatoria para realización das probas.**

#### **a) Proba de galego:**

##### **Aspirantes convocados:**

CESAR TEJEIRO GARCIA

CRISTIAN RODRIGUEZ GONZALEZ

ALEJANDRO PEREZ LOPEZ

##### **Data, hora e lugar de realización:**

21/07/2022, ás 13:30 horas, na Casa do Concello de Portomarín.

#### **b) Exame tipo test da fase de oposición:**

21/07/2022, ás 14:00 horas, na Casa do Concello de Portomarín.

Non habendo mais asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

A Presidenta

P.O. O Secretario

